ESTRATEXIA DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL COA FINALIDADE DE INTEGRAR A ADAPTACIÓN AO CAMBIO CLIMÁTICO NA XESTIÓN E PLANIFICACIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

OT.5 "Frear o cambio climático"

Proxecto cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020

CONCELLO DE PADRÓN

Existe unha certeza dentro da comunidade científica sobre a existencia dunha modificación nos patróns "normais" do comportamento da atmosfera. Esta preocupación está abalada por diversos proxectos e programas que investigan sobre a evolución futura de determinadas variables meteorolóxicas e cómo afectarán estas modificacións na sociedade.

A nivel mundial, o IPCC (Panel Intergubernamental ante o Cambio Climático), dispón de estudos nesta orde, o MAGRAMA (Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente) pola súa banda tamén dispón dunha avaliación dos escenarios futuros das variables climáticas, temperatura e precipitación.

A nivel autonómico, en Galicia, o organismo destinado á predición meteorolóxica (Meteogalicia) xunto coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, desenvolveron unha investigación enfocada ao estudo da evolución das variables climáticas en base a distintos escenarios socioeconómicos.

As evidencias dunha modificación dos patróns normais sobre as variables climáticas, é un feito, e para afrontar este cambio formúlanse dúas posicións: a idea da mitigación ou redución dos Gases de Efecto Invernadoiro (GEI), por un lado, e a posición da adaptación ou redución da vulnerabilidade da sociedade e dos modos de vida para axustarse ó cambio, deste xeito moderar os danos posibles, aproveitar as oportunidades ou afrontar as consecuencias.

As medidas de adaptación perseguen o obxectivo de moderar os danos posibles, aproveitar as oportunidades ou afrontar as consecuencias. Para afrontar esta adaptación deben coordinarse medidas promovidas dende distintos ámbitos e intereses, de feito hai que coordinar as distintas administracións, así como intereses públicos e privados.

A realización da estratexia demostra a concienciación do Concello de Padrón na necesidade de incluír o cambio climático como unha das variables que estarán presentes nas súas políticas.

O documento utiliza como base a *"Guía para la elaboración de Planes Locales de Adaptación al Cambio Climático"* realizada pola Fegamp, e os obxectivos perseguidos son os seguintes:

- Fortalecer a capacidade de adaptación aos efectos do cambio climático dos diferentes sectores do concello e potenciar o consumo enerxético racional, a redución de emisións de GEI e a loita contra o cambio climático nos plans e políticas municipais.
- Elaborar e centralizar a información e documentación referente aos efectos do cambio climático a nivel do concello, e aumentar a información e concienciación da cidadanía.

- Recompilar o coñecemento sobre os efectos do cambio climático e as súas consecuencias sobre o medio natural, os asentamentos de poboación e a sociedade.
- Establecer prioridades e concertar esforzos en medidas de adaptación contra os futuros efectos do cambio climático.
- Establecer unha serie de indicadores, que deberán servir para avaliar o funcionamento da estratexia de adaptación sobre os diferentes sectores do concello.

O resultado final da estratexia pretende ser un documento aberto e adaptable que aporta información sobre aspectos importantes respecto da loita e adaptación do concello ó cambio climático.

Os puntos fundamentais son:

- a definición do escenario climático futuro,
- o estudo dos elementos clave do concello e a valoración da súa vulnerabilidade,
- a información sobre as posibles medidas de adaptación
- e os indicadores para o seguimento e control dos plans, políticas e programas implantados.

Para a avaliación axeitada de qué medidas adoptar para afrontar as futuras condicións do clima, realizouse unha revisión bibliográfica sobre escenarios climáticos futuros. Para o caso do concello, puidose empregar a información elaborada pola AEMET (Axencia Estatal de METeoroloxía) e en especial a elaborada polo organismo autonómico de predición meteorolóxica, METEOGALICIA.

A partir da identificación do comportamento do clima futuro, en base ó peor dos escenarios posibles, desenvolveuse un estudo de identificación daqueles sectores relevantes do concello, que foron denomindados, elementos clave. Unha vez identificados estes elementos clave, realizouse un estudo pormenorizado das súas características fundamentais, e de cómo o cambio das condicións climáticas repercutirán na súa evolución.

Derivado deste proceso, elaborouse a análise da vulnerabilidade, que permite poñer un dato cuantitativo, sobre aspectos cualitativos das características do elemento clave. Para cada elemento clave, ponderáronse diversos aspectos que informan sobre o comportamento, a adaptación e a capacidade de resposta ante os cambios do clima futuro.

Esta información numérica permitiunos obter un valor que identifica aqueles elementos clave nos que é máis urxente a aplicación de medidas de adaptación, pero sen obviar a posibilidade de acometer calquera outra medida dun elemento clave menos prioritario.

No estudo tamén se inclúen directrices sobre as medidas que se recomenda se poñan en marcha para afrontar cunha mellor preparación o novo reto do cambio climático.

Como parte final do estudo, proponse a realización dun seguimento continuado sobre os distintos elementos clave, para medir a evolución do mesmo e ter un dato cuantitativo sobre o comportamento, o que permite determinar se as medidas implementadas melloran a adaptación do medio natural e a sociedade.

Con este estudo, exponse un documento que sirva de guía, para que dende as distintas organizacións e colectivos, desenvolvan iniciativas encamiñadas a mellorar as condicións de vida futuras dende un punto de vista da sustentabilidade.

A continuación presentase un cronograma no que constan as diferentes accións executadas e as súas datas de execución.

TRABALLO: **ESTRATEXIA DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL COA FINALIDADE DE INTEGRAR A ADAPTACIÓN AO CAMBIO CLIMÁTICO NA XESTIÓN E PLANIFICACIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN**

OT.5 "Frear o cambio climático"

Proxecto cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

UNION EUROPEA

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL

"Unha maneira de facer Europa"

PROCESOS	**INICIO**	**FIN**	ANO	2106															
			MES	MAIO				SETEMBRO				OUTUBRO				NOVEMBRO			
			SEMANA	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4
Solicitude e concesión da axuda	03/05/2016	13/09/2016						96 días											
Inicio elaboración do estudo	14/09/2016	16/09/2016						2 días											
Revisión bibliográfica	19/09/2016	23/09/2016						5 días											
Busca de información	19/09/2016	23/09/2016						5 días											
Escenario climático	26/09/2016	07/10/2016						10 días											
Revisión e definición metodolóxica	19/09/2016	30/09/2016						10 días											
Visitas e consultas ó concello	19/09/2016	23/11/2016						47 días											
Redacción da memoria	10/10/2016	22/11/2016										32 días							
Entrega e consultas	23/11/2016	30/11/2016														5 días			